

PROMOCIÓN GADIS CABÁRCENO

BASES PROMOCIÓN

GADISA RETAIL, S. L.U. a través de Gadis levará a cabo unha promoción desde o 1 de marzo ao 30 de abril de 2018, ambos inclusive, a cal se desenvolverá en Galicia e Castela e León, e na que poderán participar os clientes de Gadis, nas condicións que a continuación se detallan.

Mecánica da promoción.

Para participar na promoción, por cada 20 euros de compra en Gadis, o cliente deberá encher o cupón que aparece co billete de compra cos datos persoais (nome e apelidos, DNI e teléfono) e depositalo no establecemento. Desta forma poderase participar no sorteo de 100 PACKS DE VIAXE PARA 4 PERSOAS CADA UN DO 22 Ao 24 DE XUÑO 2018, Ao PARQUE DA NATUREZA CABÁRCENO (SANTANDER) que se realizará o día 10 de maio de 2018, ante Notario.

Consideraranse como nulos, para a súa participación no sorteo, aqueles cupóns que non faciliten a totalidade dos datos persoais requiridos.

Elección dos gañadores.

O sorteo celebrarase ante Notario o día 8 de maio de 2018 (reservándose a entidade mercantil organizadora a posibilidade de modificar a devandita data por causas de forza maior).

O Notario extraerá 100 cupóns gañadores de acordo coa seguinte distribución:

18 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE CORUÑA CIDADE 12 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DA CORUÑA (EXCEPTO CIDADE CORUÑA, FERROL E SANTIAGO) 9 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE FERROL 7 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE SANTIAGO 5 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE LUGO CIDADE 10 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE LUGO (EXCEPTO LUGO CIDADE) 4 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE OURENSE CIDADE 5 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE OURENSE (EXCEPTO OURENSE CIDADE) 10 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXCEPTO VIGO) 5 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DE VIGO 3 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE LEÓN 3 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DAS PROVINCIAS DE SALAMANCA E ZAMORA 1 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTO GADIS DE ÁVILA 6 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE VALLADOLID 2 GAÑADORES NOS ESTABLECEMENTOS GADIS DA PROVINCIA DE PALENCIA

En ningún caso una mesma persoa poderá resultar gañador/a máis dunha vez, nin poderá resultar gañador/a máis dunha persoa nun mesmo supermercado.

Premios.

Sortearanse:

100 PACKS DE VIAXE PARA 4 PERSOAS CADA UN DO 22 Ao 24 DE XUÑO 2018, Ao PARQUE DA NATUREZA CABÁRCENO (SANTANDER) segundo as condicións que se inclúen nas presentes bases.

Descrición do premio.

A viaxe inclúe:

- Autocares para todo o itinerario indicado. A cada gañador indicáraselle o punto de saída e chegada.
- 1 acompañante por autocar.
- Estancia en cuartos dobres e triplos.
- Réxime de aloxamento e almorzo.
- Dúas ceas buffet.
- Xantar buffet de pé para o día de saída.
- Día completo no Parque de Cabárceno, incluíndo comida
- Seguro de asistencia en viaxe.

A viaxe non inclúe:

- Extras non especificados neste itinerario.
- Extras habitación: teléfono, minibar.
- Bebidas alcohólicas fose do menú
- Gastos e compras persoais
- Comidas fóra do establecido.
- Desprazamentos desde o lugar de residencia do agraciado ata o punto de saída do autocar cara a Santander.
- Desprazamento desde o punto de chegada ao lugar de residencia do agraciado. •

Saída de autocares, o venres 22 de xuño 2018, entre as 15 e as 17 horas, desde as cidades que se indican a continuación:

- A Coruña / Ferrol / Santiago / Lugo / Ourense / Pontevedra / Ávila / Salamanca / León / Valladolid / Palencia

- Chegadas previstas entre as 20:00 e as 22:00 ao Hotel 4*, en Santander.
- Venres 22 de xuño: cea buffet en Hotel.
- Sábado 23 de xuño: almorzo en Hotel / Saída do Hotel en buses / Chegada ao parque / Visitas en autobús con persoal do parque / Xanto no parque / Continuación visita con persoal do parque / Saída do parque / Traslado ao Hotel en bus / Cea buffet no Hotel.
- Domingo 24 de xuño: Almorzo en Hotel / Mañá libre / Xantar buffet no Hotel / Saídas de buses de 14 a 14:30 horas.

Os gañadores serán as persoas seleccionadas no sorteo. Os premios da presente promoción non poderán ser obxecto de cambio, alteración ó cesión a petición do gañador/gañadores.

Comunicación a premiados.

A relación de premiados estará exposta en todos os establecementos Gadis e na web gadis.es. A organización resérvase o dereito de poder comunicar telefonicamente a estes o resultado do sorteo. Os gañadores, para poder gozar do premio, terán que confirmar por escrito, mediante documento que lles será remitido por GADISA RETAIL, S. L.U., a aceptación do premio nun prazo máximo de 7 días desde a recepción do devandito documento. No caso de que GADISA RETAIL, S. L.U. non reciba neste prazo o documento de aceptación do premio por parte dos gañadores, estes perderán todos os dereitos sobre o mesmo.

Utilización de nomes de gañadores.

Os gañadores dos premios do sorteo autorizan a Gadis para utilizar publicitariamente o seu nome e imaxe e a os seus acompañantes na viaxe, en medios e material publicitario.

Comunicación da promoción.

A promoción será comunicada a través dos medios que habitualmente utiliza Gadis para dar a coñecer as súas campañas publicitarias: prensa, radio, folletos, TV, carteis en punto de venda e publicidade exterior.

Aceptación das Bases.

Os participantes, polo mero feito de participar na presente promoción, aceptan as súas bases e o criterio de Gadis en canto á resolución de calquera cuestión derivada do sorteo.

Fiscalidad.

Será por conta de GADISA RETAIL, S. L.U. o pago do IMPOSTO DO VALOR ENGADIDO correspondente ao valor do premio así como a retención a conta do IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS, de acordo co establecido no vixente Regulamento do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, aprobado polo Real Decreto do 30 de Decembro de 1991 nº 184/91.

Será por conta do agraciado a liquidación final do devandito imposto na súa tributación persoal.

Disposiciones Adicionales.

Poderá participar na presente promoción calquera persoa física, **maior de 18 anos** cumpridos no momento de participar. Todos os cupóns recibidos pasan a ser propiedade de Gadis. Gadis non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ó calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento xeral da presente promoción.

Tratamiento de datos.

En virtude do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que voluntariamente facilite os concursantes serán utilizados coa finalidade de realizar o sorteo.

Os datos dos gañadores destes sorteos, cando o valor do premio supere un valor determinado legalmente, serán incorporados ao ficheiro GANADORESFISC coa finalidade de cumprir coas obrigacións legais derivadas da entrega de premios que superen un determinado valor (declaración do IRPF, comunicación a organismos oficiais...), atopándose este ficheiro debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, a nome de GADISA RETAIL, S. L.U.

Os datos do resto de participantes no sorteo non serán incorporados a ningún ficheiro automatizado tratado pola empresa GADISA RETAIL, S. L.U., procedéndose á destrución de todos os boletos participantes no sorteo unha vez finalizado o mesmo.

Así mesmo informamos que os datos dos gañadores dos sorteos poderán ser expostos en calquera dos puntos de venda pertencentes ao colectivo de empresas de distribución comercial de GADISA RETAIL, S. L.U.

O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por correo postal a GADISA RETAIL, S. L.U. ao polígono de Piadela s/n, de Betanzos, provincia da Coruña (C. P. 15300), Referencia "Protección de datos" a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do D. N.I.

Depósito das Bases.

As bases da presente promoción, serán depositadas ante Notario.